

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa**
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación

Itinerario Interpretación

Acordeón

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	4
3.	Atención á diversidade.....	5
4.	Temas transversais.....	9
	4.1 Educación en valores.....	10
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	11
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	12
6.	Secuenciación do curso.....	12
	6.1 Curso: 6º G.P.....	12
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	20
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	22



1. Introducción

O intenso desenvolvemento instrumental a que se ve sometido o alumnado ao longo do grao profesional alcanza no último curso un dos seus obxectivos fundamentais: demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, configurándose o itinerario de interpretación como o colofón natural deste desenvolvemento. O itinerario de interpretación pretende dotar o alumnado dunha base teórico-práctica en que se abordan os aspectos que, en relación coa innegable carga en destrezas técnico-físicas que integran os estudos profesionais de música, incida nas posibilidades de realización musical que se deron nos repertorios ao longo do século XX. Xa que logo, o coñecemento da tradición interpretativa resulta vital para o músico que encamiñe a súa traxectoria futura como intérprete, e este coñecemento pasa necesariamente polo acceso, a análise, a comprensión e a asimilación das fontes dispoñibles, tanto as escritas como as sonoras, aínda que son estas últimas as que permiten percibir a verdadeira esencia sonora da tradición musical.

Por outro lado, as cuestións relacionadas coa posta en escena resultan igualmente do máximo interese por incidiren nun aspecto básico para ter en conta por un intérprete. Ante todas estas consideración previas, é evidente que a disciplina se orienta de modo específico a dotar das ferramentas necesarias para o futuro intérprete, de modo que presente o máis amplo abano de posibilidades que o catálogo de agrupacións musicais actuais ofrece e, paralelamente, o oriente cara ás saídas profesionais relacionadas.

2. Metodoloxía

A selección dos principios metodolóxicos e didácticos son esenciais, xa que marcarán o camiño a seguir na actuación do profesor no proceso didáctico:

- **Partir do nivel do alumnado.**

Consideración das capacidades e características do alumnado.

- **Identificación dos esquemas de coñecemento que posúa o alumando para a actuación consecuenta, adaptando así os seus procesos cognitivos ó proceso didáctico.**

Este principio atópase intimamente ligado ó anterior: o coñecemento das capacidades do alumando e a investigación sobre os conceptos e representacións que construíu, constitúe a base do traballo educativo orientado a promover o desenvolvemento das súas capacidades.

Implica tomar en consideración o feito de que se a información que pensamos transmitir é demasiado sinxela, o problema resólvese, non chega a constituír un novo aprendizaxe, e, se a información é excesivamente complexa e non chega a conectar cos esquemas previos, o alumno/a se bloquearía e tampouco construíría un novo aprendizaxe.

Polo tanto, hai que asegurar a construción de aprendizaxes significativos: aqueles que chegan a establecer vínculos substantivos entre os novos contidos que se deben aprender e os que xa se encontran na estrutura cognitiva do alumnado.

- **Promover a actividade do alumnado**

O aprendizaxe significativo require actividade mental por parte do suxeito que aprende.

Conseguir este propósito, esixirá que o alumno/a atópanse motivado fronte as tarefas que

debe emprender. Poderase utilizar estímulos variados para conseguilo: emocionais (apoio), intelectuais (permitíndolle elixir entre actividades diferentes cos mesmos contidos) e sociais (clases colectivas).

- **Contribuír ó desenvolvemento da capacidade autoaprendizaxe.**

O mellor legado do que se pode aportar ó alumnado é a dotación de mecanismos e estratexias necesarias para que nun futuro poida ter a capacidade de seguir aprendendo sen a figura do profesor.

- **Crear un clima de aceptación mutua e cooperación**

Será necesario impulsar as relacións entre iguais proporcionando ós alumnos/as:

- o Confrontación de diferentes puntos de vista.
- o A coordinación dos intereses.
- o Toma colectiva de decisións.
- o A axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo.

3. Atención á diversidade

Este apartado coa nova lei, (**Arts. 71-79** de la L.O.E.), divídese en tres grupos:

- Ø Alumnado de incorporación tardía ó Sistema Educativo Español.
- Ø Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.
- Ø Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

ALUMNADO ESTRANXEIRO

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país...). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

SUPERDOTACIÓN INTELECTUAL

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo

establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumnado.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no *R.D. 943/2003*, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no

proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se se dera ese caso tomaríanse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

MEDIDAS A REALIZAR

As medidas presentadas a continuación están divididas en dous grupos: por unha parte, as que dependen exclusivamente do profesor, e por outra, as que esixen a aprobación da Administración Educativa:

Como profesor, atenderei á diversidade:

- Establecendo secuencias de contidos que aseguren os aprendizaxes básicos para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Propoñendo obras con varios niveis de dificultade.
- Ofertando diferentes tempos a hora de cumprir un programa, en función dos distintos alumnos e alumnas.
- Propoñendo actividades abertas onde o alumnado poida conseguir algunha meta máis ou menos complexa dependendo da súas capacidade.
- Utilizando recursos e materiais diferentes, audiovisuais, manipulables, que contemplan os distintos estilos de aprendizaxe.

- Incluindo actividades de reforzo para o que non segue o ritmo dos demais.
- Preparando actividades e obras de ampliación e/ou profundización para o alumno/a cun ritmo ou capacidade maior de aprendizaxe.
- Aplicando os criterios de avaliación con diferentes exigencias de logro.
- O **Plan de Acción Titorial**: permite un coñecemento máis profundo do alumnado para atopar a vía a seguir máis adecuada a cada un deles/as.
- O reforzo educativo, ou unha adaptación do currículo, que non afecta a aspectos substantivos, senón a aspectos que son competencia do profesorado como a organización e secuenciación dos contidos, a diversidade metodolóxica, a diversificación de recursos didácticos, e formas concretas de avaliación.

Medidas que necesitan a aprobación da Administración:

- Adaptación curricular individualizada (**ACI**).
- Programas de ciclo apartado (medida de carácter extraordinario).

4. Temas transversais

A educación non ten como finalidade única a adquisición de coñecementos, senón que, ante todo, trata de **formar persoas**. Apóstase pola formación de alumnos/as preparados para desenvolverse como cidadáns membros dunha sociedade democrática, e que estean capacitados para asumir as responsabilidades que lles correspondan, para ser libres e autónomos, comprometidos na defensa da xustiza e ser solidarios.

A tarefa de formar cidadáns compete ao sistema educativo, e por tanto ao profesorado. De ahí o tratamento dos temas transversais e a educación en valores.

Os elementos transversais que se traballarán son:

- A **comprensión lectora, expresión oral e escrita**: o alumnado traballará con textos referidos ao instrumento, xa sexa referido á historia do acordeón, como aos compositores e obras que se interpretarán, de xeito que favorecerá eses aspectos.
- **Comunicación audiovisual e TIC´s**: está reflectido no apartado 6.2.
- **Educación cívica e constitucional**: O estudo dun instrumento contribúe a desenvolver actitudes como o respecto, a solidariedade, o silencio, entre outras.

4.1 Educación en valores

A educación en valores traballará os seguintes aspectos:

- Educación para a **Paz**, a **xustiza**, a **liberdade**, prevención do **terrorismo**, **racismo** e **xenofobia**: A educación musical favorece o desenvolvemento da sensibilidade que facilita as relacións humanas e por tanto, facilita as relacións entre os distintos pobos. Ademais o coñecemento doutras culturas a través da música, favorece o respecto das mesmas.
- Educación en **Desenvolvemento Sostible e Medio Ambiente**: A música como medio de expresión artística, interactúa co coñecemento da natureza, baseándoo no seu respecto.

- Educación para a **Igualdade** de Oportunidades de **ambos sexos** e prevención da **violencia de xénero**: A participación nas actividades da aula favorece a integración e a igualdade así como o respecto entre todos ao manifestarse artisticamente.
- Educación para a **Saúde**: O corpo hai que entendelo como algo que hai que coidar e respectar. No estudo do instrumento faise fincapé nunha posición corporal así como do fortalecemento dos músculos en canto se trata dunha actividade física. Ademais edúcase a voz, o oído e incluso o control da respiración. Tamén trabállase na relaxación.
- Educación do **Consumidor**: conséguese o desenvolvemento da capacidade crítica ante as producións musicais, fronte a publicidade das multinacionais do disco e o ter un criterio propio para valorar a música e discernir entre as ofertas de concertos e discos.
- Educación **Vial**: a educación psicomotriz serve para saber situarse no espazo e no tempo; a conciencia sobre a contaminación
- acústica axuda, por exemplo, a evitar ruidos innecesarios no tráfico.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

O Internet é unha elevada fonte de información: vídeos musicais de distintos intérpretes que existen na actualidade de acordeón, información sobre o instrumento, etc., feito que enriquece ó alumnado en todos os aspectos.

Ademais empregárase software de música como Musescore para os arranxos que realizo ás veces das obras.

Faranse sesións de gravacións das audicións ou dalgunha clase con fins educativos, e empregaranse editores de audio e vídeo.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Actividades válidas que poderíanse realizar nesta etapa:

- Asistencia a cursiños pedagóxicos.
- Audicións na aula.
- Asistencia a concertos no propio centro ou fora del, e posterior posta en común das obras interpretadas.
- Asistencia a exposicións, conferencias,..., relacionadas coa música.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 6º G.P.

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) para aproveitar mellor o tempo dedicado ao estudo diario.
 - Tomar conciencia das posibilidades físicas, a través do coñecemento e do dominio corporal, co fin de percibir as súas capacidades como intérprete.
 - Coñecer as distintas fontes editoriais, audiovisuais, novas tecnoloxías,..., relacionadas co repertorio do acordeón.
 - Coñecer as distintas escolas interpretativas do acordeón.
-

- Analizar o repertorio dende distintos puntos de vista para unha mellor orientación á hora do estudo.
 - Coñecer os fundamentos básicos da transcripción.
 - Valorar a interpretación a través da propia execución e da dos demais con vistas a extraer conclusións obxectivas que melloren a súa calidade.
 - Coñecer a música contemporánea para acordeón así como os seus principais compositores, a través do análise do seu repertorio.
-

6.1.2 **Contidos**

- (*) Historia e evolución organolóxica do acordeón.
- As distintas escolas interpretativas-compositivas do acordeón.
- A música contemporánea: historia e compositores de acordeón.
- (*) A transcripción.
- (*) A relación corpo- instrumento:
 - o Técnicas de relaxación.
 - o Concentración e respiración.
 - o O medo escénico.
 - o Coñecemento corporal aplicado á execución.
- O traballo diario: a memorización.
- As fontes editoriais, audiovisuais e escritas do acordeón
- (*) A análise interpretativa e a audición do repertorio acordeonístico.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Dominar as técnicas básicas de estudo: a memorización e o análise de partituras.
 - Desenvolver a capacidade crítica para observar, nun mesmo como nos demais, o conxunto corpo- instrumento.
 - Controlar o medo escénico.
 - Saber as premisas básicas da transcripción.
 - Saber realizar correctamente unha análise organoloxía e histórica- xeográfica dunha partitura.
 - Posuír os coñecementos necesarios para a elección dun repertorio adecuado a cada curso, e as fontes das que dispoñen para atopalas.
 - Dominar as fontes e recursos que proporcionan as novas tecnoloxías para a interpretación, investigación,..., do acordeón.
-

Mínimos esixibles

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.1.2., son considerados os contidos mínimos para superar o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación non é un criterio externo ó proceso educativo-formativo, senón un compoñente máis do mesmo. Pode entenderse coma un mecanismo de autoregulación do propio proceso, a través do cal:

- O alumnado recoñece os seus avances e descubre erros.

- O profesorado descubre os erros posibles dentro da súa programación de aula.

Posto que é un proceso complexo, necesítase un sistema de categorías. Así se fala de *avaliación de diagnóstico ou inicial, avaliación continua ou de progreso e avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel*.

A **avaliación de diagnóstico ou inicial** debe permitir ó profesor coñecer a situación da que parte o alumnado, os seus coñecementos previos.

Esta avaliación inicial deberá ser realizada ó comezo de cada curso académico, dun modo exhaustivo, para saber o punto de partida, e ó inicio de cada Unidade Didáctica, para saber a asimilación do dado ata o momento.

A **avaliación continua ou de progreso**, acompañará a todo o proceso de aprendizaxe. Para levala a cabo pódense usar moitos procedementos: dende os máis clásicos exames periódicos, ata a observación da actitude de cada alumno e alumna.

Finalmente a **avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel**, debe permitir avaliar en que medida conseguíronse os obxectivos propostos por parte do alumnado, e debe permitir a reflexión sobre a adecuación dos métodos de obtención dos obxectivos, ou sobre a pertinencia dos obxectivos mesmos.

A avaliación final debe levarse a cabo ó finalizar unha determinada fase de aprendizaxe: Unidade didáctica, bloque temático, nivel, etc.

Polo tanto, a avaliación reflectirase da seguinte maneira:

- **Traballo persoal diario:** motivación, interese, participación na clase, concentración, tendencia predominante,...
- **Traballos en grupo:** Traballo en cooperación cos demais: acepta e ofrece apoio; respecto cara as ideas dos demais,...
- **Actitudes cara a materia:** Curiosidade e creatividade; constancia e flexibilidade; reflexión sobre a súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.
- **Probas teórico- prácticas:** realización correcta dos distintos cuestionarios utilizando todos os recursos obtidos durante o transcurso das clases.

Os informes de cualificación faranse trimestralmente e resultan do conxunto dos apartados.

Criterios de cualificación

Criterios de cualificación

A proba para valorar esta materia consistirá en 2 partes:

Unha proba de carácter teórico: un cuestionario sobre os contidos mínimos traballos no curso.

Unha proba práctica: unha análise dunha partitura indicando todos os aspectos traballados no curso.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación será:

Proba teórica: 50%

Proba práctica: 50%

En cada un dos apartados será necesario obter un mínimo de 5 en cada proba.

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso.

A calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de **calibración**, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Listaxe de cotexo

- Sabe explicar a historia e a evolución organolóxica do acordeón.
- Recoñece as distintas escolas interpretativas-compositivas do acordeón e as sabe situar no tempo e no espazo.
- A musica contemporánea: historia e compositores de acordeón.
- Sabe como se leva a cabo unha transcripción, o proceso e o resultado.
- Identifica e sabe aplicar as distintas técnicas de relaxación e respiración para un bo traballo co instrumento.

- Sabe buscar información sobre as fontes editoriais, audiovisuais e escritas do acordeón
- Realiza análises interpretativas do repertorio de acordeón, indicando os distintos aspectos harmónico, melódico, formais, históricos, etc
- Realiza análises auditivos do repertorio de acordeón. (*) A análise interpretativa e a audición do repertorio acordeonístico.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para este curso non hai posibilidade de ampliación de matrícula.

6.1.4 Medidas de recuperación

Estas medidas están destinados a aqueles alumnos/as que non alcancen os obxectivos mínimos coas técnicas e instrumentos ordinarios de avaliación previstos na presente programación.

Coa nova lei, LOE, establécese que o alumnado que obteña a avaliación negativa no mes de xuño, poderá presentarse á proba extraordinaria durante os cinco primeiros días hábiles de setembro. O profesor seleccionará o material de traballo do alumno/a para realizar no verán de acordo aos contidos da proba, e en función das carencias detectadas.

Procedementos de recuperación ordinarios

Debido as características do estudo instrumental, estas actividades de recuperación non son viables ó longo do curso por tratarse dun traballo continuado.

Probas extraordinarias de setembro

CONTIDOS DA PROBA

Consistirá en dúas probas escritas:

Unha proba de carácter teórico: un cuestionario sobre os contidos mínimos traballos no curso.

Unha proba práctica: unha análise dunha partitura indicando todos os aspectos traballados no curso.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación será:

Proba teórica: 50%

Proba práctica: 50%

En cada un dos apartados será necesario obter un mínimo de 5 en cada proba.

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso.

6.1.5 Recursos didácticos

- Pizarra: é un instrumento indispensable á hora de dar calquera explicación.
- Libros e partituras:: a maioría deles atópanse na Biblioteca do centro, de acceso tanto para o alumnado como para o profesor.
- Outro material escrito.
 - Ø Fotocopias de partituras, exercicios... elaborados polo profesor.

Ø Papel pautado.

· Material manipulable.

Ø Instrumentos:

· Acordeóns:

o Os propios do alumnado

o Do centro:

v Borsini 42B Modelo convertor de botóns

v Pigini Modelo convertor de botóns

v Excelsior Modelo convertor 41 teclas.

· Piano

Ø Atrís.

· Materiais audiovisuais:

Ø Vídeos e DVDs. CD, cadea musical.

Ø Ordenador.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

As actividades de autoevaluación do profesorado e da programación fan referencia a valoración por parte do profesorado do traballo realizado por un mesmo e do desenvolvemento da programación ata agora redactada, tendo en conta se se cumpren as expectativas en canto obxectivos e contidos, e a secuenciación dos mesmos, así como os das actividades realizadas ó longo do curso. Para poder comprobar este funcionamento

podemos realizar, ó finalizar cada trimestre ou ó finalizar o curso, un cuestionario onde se inclúan todos os aspectos a ter en conta. Podería ser o seguinte (a modo orientativo):

PROGRAMACIÓN	SI	NON
Considero que a programación prevista levouse a cabo?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Tiña previstas as dificultades coas que me atopei?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Para cursos seguintes, hai que engadir novas actividades ou variar a secuenciación das mesmas?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
As actividades adáptanse a tipoloxía do alumando?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Con esta programación, contribúese ó desenvolvemento das competencias básicas e os elementos transversais?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Cumpríronse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación redactados nesta programación?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Con esta programación, contribúese á educación en valores?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

PROFESORADO	SI	NON
Á hora de desenvolver as clases, tiven en conta as características do alumnado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O desenvolvemento das clases, facilitou a participación do alumnado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Motiveinos suficientemente?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Preparei suficientemente as miñas clases?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Organiceinas reflexivamente?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Realicei un seguimento de cada alumno/a como titor?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

CAMBIOS A REALIZAR	

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Para avaliar o funcionamento do departamento, ao final do curso realizarase unha autoevaluación do mesmo seguindo o seguinte cadro:

DEPARTAMENTO	SI	NON
Fixéronse as correspondentes revisións da programación?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Levou-se a cabo unha reunión de departamento cada mes?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Programáronse actividades variadas e adecuadas ao alumnado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Realizáronse as actividades programadas?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A relación entre os distintos membros do departamento foi de respecto e entendemento?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Hai que destacar a implicación de todos os membros no desenvolvemento do curso?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Toda a documentación está correcta e actualizada?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>